



CHARLA INFORMATIVA SOBRE A PROBLEMÁTICA E A XESTIÓN DAS ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS EN GALICIA.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dentro do marco das actuacións que desenvolve para a xestión das especies de flora e fauna con comportamento invasor en Galicia, ven de poñer en marcha unha Campaña de información sobre a problemática e a xestión das especies exóticas invasoras nas que se enmarcan a realización de charlas informativas nas que falará sobre a problemática da introdución destas especies, o marco normativo actual e os sistemas de control recomendados para loitar contra elas.

A execución desta Campaña de información estase levando a cabo a través da empresa BABADIVA, S.L. que resultou ser unha das empresas adxudicatarias do “Servizo para a aplicación de medidas de xestión das especies de flora e fauna con comportamento invasor en Galicia, no período 2016-2018, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 (PDR).

Neste contexto se lles convida a asistir á charla informativa que terá lugar no salón de actos do Edificio Administrativo de Monelos, o martes 24 de outubro de 2017 ás 18:00 horas.

Agradecemos de antemán a súa asistencia.

Babadiva, S.L.